

ARQUITECTURA ESTRATÉGICA



REDE IBÉRICA DE ENTIDADES TRANSFRONTEIRIZAS DE COOPERACIÓN

A Rede Ibérica de Entidades Transfronteiriças de Cooperación, RIET, nacida en 2009, (www.rietiberica.eu) é un proxecto único en Europa xa que agrupa ás organizacións de cooperación, empresarios e universidades da fronteira entre España e Portugal baixo unha soa voz.

RIET foi creada co obxectivo de promover a cooperación transfronteiriça, o desenvolvemento socio-económico nos territorios fronteirizos e de establecerse como unha soa comunidade de interese ante os gobernos de España, Portugal e a UE.



C4C - CIDADES PARA A COOPERACIÓN

C4C Cidades para a Cooperación é unha rede de redes de cooperación do Sur de Europa que se constitúe cun obxectivo:

- Promover o debate e a identificación de problemas comúns e solucións axustadas á realidade das cidades situadas nas rexións periféricas da UE.
- Promover a reflexión sobre o futuro da Política de Cohesión e a Política de Cooperación en Europa desde a óptica das cidades.
- Situar-se como interlocutor das cidades do sur da UE ante as *institucións comunitarias naquelas cuestións relacionadas coa Cooperación entre fronteiras e a Cohesión territorial.

Ademais do Eixo Atlántico, integran esta rede: a RIET, Rede Ibérica de Entidades Transfronteiriças, MEDCITIES, Cidades do Mediterráneo, FACI, Foro de Cidades do Adriático e o Iónico, e CCAA, Conferencia de Cidades do Arco Atlántico.



EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR



Xoan Vázquez Mao Secretario Xeral do Eixo Atlántico e Alberto Núñez Feijoo, Presidente da Xunta de Galicia, co Presidente da Comisión Europea, José Manuel Durão Barroso, en Bruxelas. 2009

António Costa, Primeiro Ministro de Portugal preside os actos conmemorativos do 25 aniversario do Eixo Atlántico. 2017

ministro portugués de Planeamento e das Infraestruturas de Portugal, Pedro Marques, preside a firma dos primeiros contratos de modernización da liña do Minho en Viana do Castelo. 2016

Inauguración dos Xogos do Eixo Atlántico en Porto. 2015

O Rei de España, Felipe VI e o Presidente da República de Portugal, Anibal Cavaco Silva, na clausura da Asemblea Xeral do Eixo Atlántico na Coruña. 2015

Inauguración da Praza do Eixo Atlántico en Viana do Castelo. 2015

Entrega das Medallas de Ouro dos 25 anos do Eixo Atlántico, en Braga. 2017

Xoan Vázquez Mao, SG do EA e o Presidente de City Twins co Ex-Primeiro Ministro de Francia Pierre Mauroy en Lyle, Francia. 2007

Reunión da Comisión Executiva do EA co Primeiro Ministro de Portugal, António Guterres. 2001

Mariano Rajoy, Ex Presidente do Goberno de España, no congreso do EA en Vigo. 1996

O Primeiro Ministro de Portugal, Pedro Passos Coelho recibe ao Presidente do Eixo Atlántico, José Maria Costa, ao Vicepresidente, Severino Rodríguez e ao Secretario Xeral, Xoan Vázquez Mao, en São Bento, Lisboa. 2012



* Sistema Urbano do Eixo Atlántico

LOBBY POLÍTICO

Outra faceta principal do Eixo Atlántico é a de lobby político en defensa dos intereses do sistema urbano da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. Acción que se realiza ante o goberno rexional de Galicia, os gobernos nacionais de España e Portugal e a propia Comisión Europea. Céntrase principalmente no ámbito lexislativo e no dos investimentos, especialmente (aínda que non só) no ámbito das infraestruturas.

Nestes anos, lideramos o apoio social á proposta da Comisión Europea e do Parlamento para a eliminación do roaming dentro da Unión, así como a finalización de infraestruturas determinantes como a A3 Porto - fronteira, o AVE Galicia-Madrid, a modernización da liña ferroviaria Coruña-Lisboa, ou a inclusión de Galicia no Corredor Atlántico ferroviario.



Tamén participamos activamente na definición dos regulamentos comunitarios e dos seus orzamentos a través da plataforma C4C, na que están integradas as cidades atlánticas, as mediterráneas, as ibéricas e as adriáticas.

Na actualidade, estamos a impulsar a creación dunha política europea de turismo, e vinculada a ela, unha política europea de preservación do patrimonio, incluíndo a proposta dun comisario ou comisaria que xestione especificamente estas competencias.



FORUM OF EUROPEAN BORDER TOURISM
FORO TURISMO DE FRONTEIRA EUROPEU
Theatro Circo, Braga

PROGRAMA

CULTURA

No eido cultural o Eixo Atlántico centra os seus esforzos en dúas actividades principais, a **Capital da Cultura** que naceu en 2009 co propósito de potenciar a cultura en todas as súas expresións a ambos lados da raia e a **Bienal de Pintura** que, con xa máis de 20 anos, pretende estimular a creación artística así como o intercambio e o coñecemento dos artistas da Eurorrexión.



A **Mostra Musical** ten a finalidade de recoñecer, promover, premiar e difundir a práctica da música, apoiando a aqueles músicos intérpretes que polo seu valor e interese poidan contribuir á difusión do gusto pola música de Galicia e do Norte de Portugal, favorecendo a innovación, a calidade, a interacción e a renovación no panorama musical do Eixo Atlántico. Tamén na área da Educación foron retomados os **Intercambios Escolares** entre municipios galegos e do Norte de Portugal.

EDUCACIÓN

DEPORTE

A área deportiva é unha das de máis actividade. Cunha participación superior ós 1800 deportistas, os **Xogos do Eixo Atlántico** promoven, desde 1995, o deporte e a convivencia entre os mozos e mozas de Galicia e do Norte de Portugal. Para alén dos Xogos, que se celebran cada dous anos nun municipio diferente, véñense organizando torneos deportivos en varias modalidades, actualmente en Hókey Patíns, Fútbol infantil e Taekwondo.



Expcidades, mostra de turismo das cidades do Eixo Atlántico, serve de ferramenta para a promoción do turismo de proximidade. Para alén desta feira, editanse cada dous anos guías turísticas de temáticas variadas: espazos naturais, rutas históricas, etc.

TURISMO

DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Na área do **Desenvolvemento Sostible**, o Eixo Atlántico canaliza a súa actividade a través da Axencia de Ecoloxía Urbana que realiza anualmente traballos para os municipios en distintas áreas como xestión dos residuos, alteracións climáticas, Axendas 21 e eventos sostibles, entre outras.



AXENDA URBANA



Presentación da Axenda a Debate no foro de Braga 2017

Basada en 5 alicerces estratéxicos:

- Conectividade
- Competitividade
- Cidades resilientes
- Cidades inclusivas
- Cidades eficientes

A Axenda concrétese nun Plan de Acción desenvolvido con todos os actores do territorio. O obxectivo é dotar ao territorio das ferramentas necesarias para un desenvolvemento territorial equilibrado e coordinado na Eurorrexión, no que todas as súas cidades, cada unha ao seu ritmo e baixo as súas prioridades, avanza cara a unha mesma dirección.

A **Axenda Urbana Transfronteiriza do Eixo Atlántico**, a primeira en Europa dun sistema urbano transfronteirizo, é un documento estratéxico que, de conformidade cos criterios establecidos na Axenda 2030 de Nacións Unidas e a Axenda Urbana Europea, persegue o logro dunha estratexia eurorrexional de desenvolvemento urbano sustentable, equilibrado e resiliente, que teña en conta as necesidades da xente e do medio ambiente, á vez que contribúe ao desenvolvemento socioeconómico do territorio.



Presentación do Plan de Acción en A Coruña



Presentación da Axenda na Semana Europea das Rexións e Cidades 2018 en Bruxelas